

BELÉN VILLAR GONZÁLEZ voceira do PP de Ponteareas, **ANDRES SAMPEDRO**, **SILVIA FERNANDES**, **FRANCISCO REPRESAS** e **LINA LIMERES** concelleiros polo grupo do Partido Popular, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentamos ao goberno local as seguintes suxestións sobre o proxecto que van a realizar de **asfaltado e ampliación do vial de subida á Santa Cristina de Bugarín**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno local aprobou en Xunta de Goberno o 14 de decembro de 2020 un proxecto denominado “*Asfaltado e ampliación de calzada do vial de subida a Santa Cristina de Bugarín*”, con número de expediente 2158/2020 redactado por Martín Piñeiro Fernández de Ingeniería Piñeiro e presentado no Concello o 06/03/2020.

O goberno local dende fai máis dun ano quitou as competencias ó Pleno de aprobación dos proxectos, co que non existe consenso nin participación cos grupos da oposición.

Neste proxecto non tivemos a oportunidade de incorporar propostas, nin de revisar a actuación que se vai facer e non coñecíamos o proxecto antes de que o aprobaran.

Foi o 26 de xaneiro de 2021 cando o goberno deu conta no Pleno, de xeito meramente informativo, deste proxecto, e os membros do grupo popular revisamos o proxecto que aprobaron. Despois verificamos *in situ* con algún representante da asociación de veciños e con algúns residentes da zona, as diferentes actuacións que se van acometer e as que sería necesario levar a cabo.

Froito deste traballo, reflectimos a continuación unha serie de carencias que detectamos no proxecto e que consideramos necesario corrixir e resolver antes de iniciar a obra.

- **Non se inclúe a tubaxe necesaria para o saneamento** en parte deste tramo que se vai asfaltar e que está contemplado nunha das fases a realizar nesta parroquia, cousa que consideramos sen sentido, tendo en conta a necesidade urxente de rematar o saneamento nesa parroquia e existindo a posibilidade de conectar coa minidepuradora existente. Non deixar previstas as tubaxes suporá en poucos meses romper o asfalto para colocalos.
- **Non se contempla o cambio da tubaxe das dúas traídas de auga** que discorren polo subsolo dese vial. Tubaxes con máis de 40 anos de antigüidade e que deberían ser cambiadas antes de levar a cabo o asfaltado para non ter que en datas vindeiras levantar de novo o asfalto.
- **Non se melloran as canalizacións das augas de regadío** que discorren paralelas ao vial, en parte do tramo sobre o que se actúa.

- **Non se contempla a construción das canalizacións de augas pluviais**, deixando en mans das empresas que oferten incluír ou non, como unha mellora, estas canalizacións. E no caso de facelo sen proxectar por parte do goberno as condicións desa construción e a mellor opción para ese tramo.
- **Non se contempla o traslado dalgún dos postes de electricidade e telefonía** existentes no ámbito de actuación e que coa obra a executar quedarían dentro do vial entorpecendo a circulación e o tránsito peonil.
- **Non se contemplan melloras na iluminación pública** deste tramo .
- **Non hai partida no proxecto para a mellora da seguridade viaria**, coa colocación de sinais verticais e horizontais.
- **Non se contempla un bordo perimetral arredor do Cruceiro da Porteliña**, de polo menos tres fiadas de lastros de granito (sendo recomendable ampliar esa superficie), tal e como esixe a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura nun informe que consta no expediente, co fin de resaltar a súa presenza e dignificar a súa localización.

E xa finalmente, como algo máis aportado polos veciños, existe un punto do tramo sobre o que se vai actuar que é **na contorna da marquesiña dos rapaces, lugar do Viñal**, onde a Asociación de Veciños conseguiu recentemente os terreos para **reducir unha curva existente** e que precisa se incorpore ese punto á obra, cun muro, coa ampliación do vial e co seu asfaltado.

Por todo exposto,

Propomos ao goberno local teña por admitidas estas cuestións que faltan no proxecto unha vez revisado, comprobado in situ e postos en contacto con representantes da asociación de veciños, traídas de auga e veciños da zona, que nos aportaron suxestións para mellorar este proxecto na parroquia de Santa Cristina de Bugarín.

Ponteareas a 11 de Febreiro de 2021

Asdo: Belén Villar González

ATT: ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEAREAS